

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de maio de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS NO ANO 2025

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases específicas

para a concesión de subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2025.

2. Dita convocatoria e bases foron publicadas nos taboleiros de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 34, correspondente ao día 19 de febreiro de 2026.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	28/03/26	E – 215
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	████████	Competicións federadas	30/03/26	E – 217
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	████████	Competición federada	30/03/26	E – 219

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíruselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2025 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	6.954,35 €	6.954,35 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	████████	Competicións federadas	7.596,19 €	6.076,95 €
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	████████	Competición federada	16.400,00 €	8.000,00 €

3.- AUTORIZACIÓN A TRABALLADORA LABORAL DO CONCELLO PARA O GOCE DE PERMISO DE LACTACIÓN

ANTECEDENTES

1º.- Dona María Elena Jorge Mato, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Ourín, parroquia de San Martiño de Asperelo, solicita con data 28 de maio do corrente (RE núm. 706) o goce do permiso de lactación que lle corresponde, segundo o previsto na normativa vixente, mediante a redución da súa xornada laboral normal nunha hora ao final da xornada.

2º.- A solicitante ostenta a condición de persoal laboral temporal do Concello, desempeñando o posto de educadora social.

3º.- Consta no expediente que a solicitante é nai dunha filla de idade inferior aos doce meses.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 112.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón en relación co permiso de lactación que *“Por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario terá dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá ser substituído por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade”*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar á traballadora laboral temporal do Concello Dona María Elena Jorge Mato ao goce dun permiso de lactación, consistente na redución da súa xornada laboral normal nunha hora ao final da xornada, ata que a súa filla cumpra os doce meses de idade.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Rocío Morais Vila, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións anuais, pendentes do ano 2025 que non puido gozar por mor da súa situación de baixa por IT, nos vindeiros meses de xuño e xullo do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 1 de xuño e 3 de xullo de 2026, ambos inclusive, en substitución da traballadora María del Rocío Morais Vila.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- XUNTA DE GALICIA 175,80 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización para o abastecemento de auga, s/cargo.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 30,00 €
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 59,21 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de abril de 2026, s/factura núm. 26ZNX0106937 (FACe).
- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 276,97 €
Por achega anual ao Fondo, s/factura núm. R2026/94 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 2.208,86 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20262143 e 20262144 (FACe).

- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.787,45 €

Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000597 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)